



favum

o lugar da cera



Centro de Interpretación da Ceraría de Paraños (Covelo)



Índice

1.- Apicultura, contorna e historia da ceraría	
A apicultura tradicional	3
O medio natural e os recursos para <i>Apis mellifera</i> L.	7
Unha fábrica natural de cera	8
A ceraría en Covelo	10
2.- Os elementos no proceso da cera	
Os lagares da cera	12
O lagar de Paraños	13
O lagar da Lamosa	14
As eiras da cera ou curadoiros	15
O obradoiro do cereiro	17
3.- Os procesos	
Obtención da materia prima	19
Obtención de cera no lagar: a cera amarela	20
O proceso de branqueo da cera	22
Elaboración das candeas e exvotos	26
Produtos e comercialización	27





>> Curadoiro da cera de Paraños.

1. Apicultura, contorna e historia da ceraría

A apicultura tradicional

Os primeiros vestixios históricos que dan conta da relación dos seres humanos e as abellas datan de varios milleiros de anos atrás. As pinturas rupestres da Cova da Araña, en Bicorp, Valencia, de entre aproximadamente 10.000 e 15.000 anos de antigüidade —no período mesolítico—, amosan unha escena de recolección de mel. Non en van, os primeiros contactos entre abellas e culturas humanas, cinxíronse exclusivamente a unha mera relación de recolección ou pillaxe, polo que non foi até moito máis tarde cando se produciron os primeiros pasos na domesticación e manexo da abella melífera. Así sabemos que os exipcios practicaron por primeira vez a apicultura no terceiro milenio a C. hai uns 4.400 anos.

No continente europeo, o primeiro pobo en practicar a apicultura como tal foi o romano. Namentres os outros pobos europeos limitábanse a recoller o mel e a cera dos enxames ou colonias silvestres presentes nos bosques, os romanos foron quen de levar a tódolos recunchos do seu imperio a práctica apícola.

Podemos dicir que até o século XIX, a trazos xerais, a apicultura non sufriu grandes cambios ou avances significativos no referido ás súas técnicas e manexos (dotar de abeiro artificial ás abellas, situar as colmeas en lugares elixidos e habilitados para tal fin, castrar as

>> Cortizos nunha alvariza tradicional.



colmeas e recoller os enxames), a pesar do coñecemento que se foi producindo amodo ao longo da época moderna, a partir dos séculos XVII e XVIII, a medida que o saber científico e naturalista ía aparecendo e facendo camiño.

En Galicia a evolución da apicultura proseguiu os mesmos pasos, se cabe cunha maior tardanza á hora de abrazar as mudanzas feitas no seu ámbito, quizais polo seu illamento ou situación periférica. Por esta e outras razóns pódese explicar a existencia dunha apicultura rudimentaria até datas moi recentes no noso país, pois non foi até a irrupción da doenza das abellas coñecida como *varroase* na década dos oitenta do século pasado (provocando unha mortalidade moi elevada na cabana apícola europea, causada polo ácaro *Varroa destructor* And. & Tru.) que os apiarios tradicionais compostos polas colmeas típicas galegas (trobos, covos e cortizos) deixaron de ter unha presenza notábel. E isto ocorreu, malia o grande esforzo divulgativo que fixera “o cura das abellas”, Benigno Ledo González, o introdutor e difusor da apicultura moderna en Galicia —introduciu a colmea tipo Layens no Estado no ano 1880— quen desenvolveu o seu labor pedagóxico até a segunda metade do século XX¹.

En Covelo a situación non era diferente ao resto de Galicia. As referencias que falan da importancia histórica do cultivo de abellas topámolas por exemplo no inacabado catastro realizado no século XVIII polo Marqués de La Ensenada² (segundo decreto de Fernando VI) entre os anos 1.750 e 1.754. No interrogatorio xeral había un apartado especial e único dedicado ás colmeas (o que nos di moito asemade, sobre a importancia destas na época), o capítulo 19³. Segundo isto, soamente na antiga freguesía de Barcia de Mera había 292 colmeas.

As colmeas fixistas (chamadas así porque os panais non se poden separar das paredes do seu habitáculo e entre eles, debido ao que para realizar a esmelta é necesario cortar os favos⁴) utilizadas na área de investigación, eran as partilladas en toda Galicia. Porén na bisbarra covelense, constatamos unha predilección polos cortizos (así tamén observamos unha importante presenza da árbore que nutre de cortiza para a súa construción, *Quercus suber* L.). Aínda que as colmeas usadas na Península e no Estado eran variadas “en España el mayor número de colmenas están hechas de corcho, esparto, alverdin, paja de centeno, ó con tablas de pino ó castaño ó de barro cocido”⁵, na terra galega como xa indicamos máis arriba eran:

- Covo, a máis primitiva das colmeas por se tratar dun tronco baleirado e ocupado o seu interior polos panais. A súa orixe está no habitáculo natural das abellas feito nas árbores (a verticalidade e forma das outras dúas colmeas, segue emulando esta habitación orixinal).

- Trobo, caixón de táboas con catro caras alongadas e arestas verticais. Cuberto para a súa protección por lousas ou laxas.

- Cortizo, cilindro feito da cortiza do corticeiro ou sobreira (*Quercus suber* L.), cuberto para a súa protección por lousas ou carapuchos de colmo.

A posesión destas colmeas era privada, repartida en pequeno número delas por tódolos veciños das aldeas e parroquias. Os lugares onde se colocaban as colmeas coincidían con situacións achegadas ás casas e ás hortas, de cara á solaina (posición sur), en espazos habilitados con estantes ora construídos con pedras e laxas, ora aproveitando muros ou valados xa construídos, ora naturais constituídos por afloramentos graníticos sobre os que se apoiaban directamente as colmeas coa base de laxas. Porén na zona existe unha alvariza (Beresmo, Avión) de planta circular, semellante ás abellarizas, alvarizas ou cortíns comúns da montaña galega (mais neste caso, a construción dos seus valados de pedra non ten unha función protectora fronte á pillaxe, senón máis ben delimitadora e preservadora da climatoloxía e protectora fronte aos animais herbívoros domésticos).

O manexo das colmeas (amais da súa construción e vixilancia) limitábase á castra das colmeas unha vez ao ano, durante o verán (xeralmente a finais do mes de xullo) e á recollida ou captura dos enxames (sobre esta actividade, citamos o artigo 612 do Código Civil para poñer de relevo a importancia das abellas no mundo rural tradicional⁶).

>> Sobreiras con marcas do aproveitamento da súa cortiza.



Táboa 1. Número de colmeas a mediados do século XVIII en Covelo

Concello de Covelo	Nº colmeas	Renda por colmea	Nº habitantes	Colmea/habitante
Santiago de Covelo	106	4	200	0,53
Fofe	120	4	216	0,56
Piñeiro	121	4	126	0,96
Barcia de Mera	292	4	375	0,78
Maceira	279	4	260	1,07
Paraños	128	4	160	0,80
A Lamosa	189	4	120	1,58
Campo	260	4	425	0,61
Prado de Canda	69	4	100	0,69
Casteláns	93	4	280	0,33
Baldomar	273	2	263	1,04
TOTAL	1930		2525	0,76

Fonte: Elaboración propia a partir do Catastro do Marqués de Ensenada.

O medio natural e os recursos para *Apis mellifera* L.

Na Terra existen arredor de 20.000 especies diferentes de abellas. Os primeiros fósiles deste insecto achados en Suíza e Alemaña son da Era Terciaria, polo que podemos dicir entón que as primeiras abellas fixeron a súa aparición hai uns 200 millóns de anos e que así mesmo as abellas sociais comezaron facer mel hai 20 millóns de anos. Porén a diferenza de tódalas demais especies soamente a abella europea, abella doméstica ou abella do mel, *Apis mellifera* L., ten un comportamento que a leva a producir e gardar grandes cantidades de provisións nos seus panais, dentro da colmea.

Orixinaria de África a través de varias migracións, a abella doméstica vese obrigada —debido á súa vida nunha área bioxeográfica de clima temperado— a aproveitar as estacións de floración (primavera e verán) ao máximo co obxectivo de se abastecer de excedentes que a axuden a soportar logo os meses fríos e de escaseza, durante o outono e o inverno. Esta é a razón que fai da abella europea, un tipo de abella específico e ideal para o seu cultivo coa finalidade de aproveitar esa produción excedente (entre ela, a cera). Esta capacidade de produción unida á capacidade de tolerancia ao aproveitamento dos seus produtos polos humanos, fixo que se estendese o seu manexo de xeito xeneralizado, na rexión Holártica.

Covelo e a súa contorna inmediata, posúe asemade unhas características idóneas para o cultivo de abellas, pola súa situación na media montaña galega, a cabalo entre dúas rexións bioxeográficas —a mediterránea e a

>> Flores de carrasco.



>> Toxal na Serra do Suído.



eurosiberiana—, feito que aumenta a súa biodiversidade, favorecida aínda máis polos distintos pisos bioclimáticos que ten e pola exposición das súas abas e ladeiras á solaina e á sombría. Así mesmo, as montañas da zona sufriron unha paulatina deforestación resultado dos aproveitamentos agrícolas e gandeiros practicados durante séculos. Deste xeito, a interacción do ser humano co seu medio ambiente deu lugar a unha modificación do mesmo, facendo primar uns tipos de hábitats naturais en detrimento doutros, motivo polo que as fragas orixinarias víronse reducidas para dar máis cabida ás áreas de matogueira e pasteiros.

Precisamente por isto os espazos de matogueira multiplicáronse, constituíndose nos principais hábitats presentes e cunha potencialidade apícola moi importante. As matogueiras son formacións vexetais dominadas por arbustos (plantas leñosas polo xeral ramificadas dende a súa base, que non superan os 5 m de altura). Logo, os toxais ocupan grandes espazos nos que conviven con outras especies como as ericáceas, que dependendo da profundidade, composición e humidade do solo, conforman diferentes tipos de hábitat (uzais e breixos). Os toxos, *Ulex* spp., e as uces e carrascos como a *Erica arborea* L. e a *Erica australis* L., a *Erica umbellata* L., a *Erica cinerea* L., a *Erica ciliaris* L. e a *Erica tetralix* L. e maila *Daboecia cantabrica* (Huds.) C. Koch e a *Calluna vulgaris* (L.) Hull, conforman un rico, extenso e excelente pasto para as abellas nas súas floracións sucesivas ao longo do ano. Xunto ás matogueiras, os pequenos soutos (*Castanea sativa* Mill.), as fragas co seu sotobosque (formado entre outras especies por *Quercus* spp, *Pyrus cordata* Desv. e *Frangula alnus* Mill.), as sebes con silveiras (*Rubus ulmifolius* Schott.) e as especies asociadas aos cursos de auga, como *Corylus avellana* L. e *Salix* spp, debuxan un atractivo abano de flores no que as abellas poden libar durante o transcurso do seu ciclo vital.

Unha fábrica natural de cera

A abella melífera doméstica europea, *Apis mellifera* L., foi bautizada deste xeito —literalmente como abella que carrega mel— no século XVIII polo naturalista sueco e fundador da taxonomía moderna, Carl Nilsson Linæus, crendo este que a abella se encargaba de recoller e transportar o mel dende as flores ao seu fogar, a colmea. Axiña recoñeceu o seu erro, mais demasiado tarde para o emendar (as regras da taxonomía creadas por el mesmo, obrigan a dar prioridade ao primeiro nome asignado), pois decatouse de que as abellas en realidade non carrexaban o mel, senón que o producían elas mesmas. Hoxe sabemos que o mel é elaborado polas abellas en dous procesos consecutivos —o primeiro ocorre no seu papo e o segundo na colmea— a partir do néctar das plantas e das secrecións dalgúns insectos. Do mesmo xeito até esa época, podíase pensar de maneira xeneralizada que as abellas recollían tódolos seus produtos na natureza e que logo os gardaban e usaban nos seus panais. Así tamén a cera

podía ser considerada coma unha substancia recolleita polas abellas nas plantas, coa que logo estas fabricaban os seus favos.

Non foi até 1744⁷ cando se demostrou que eran as abellas novas, as que se encargaban de fabricar a cera. Se ben isto non é de todo certo: tódalas abellas son capaces de producir cera a partir das glándulas cereiras, situadas baixo o seu ventre nos *esternitos* ou placas abdominais, mais as abellas novas (de entre 10 e 20 días) que se atopan no seu segundo período vital (isto é, no período de transición ao traballo no exterior da colmea) son porén as que posúen un desenvolvemento maior das glándulas da cera —capaces entón de producir a metade do seu propio peso en cera. É así como as abellas segregan escamas de cera que logo modelan e traballan coas súas potentes ferramentas situadas na boca en forma de tenaces para dar forma e construír os seus favos, coas súas características celiñas hexagonais, onde depositan indistintamente pole, crías e o néctar regurxitado xunto coa encima denominada invertasa (causante do inicio da transformación do néctar orixinario das flores en mel, a partir da sucrosa en dextrosa e levulosa).

O etólogo e investigador do sistema perceptivo e comunicación das abellas, Premio Nobel de Fisioloxía ou Medicina, Karl Von Frisch⁸, referíase ás abellas femias obreiras como portadoras “dunha pequena fábrica de cera”. Non embargante, a pesar da dispoñibilidade desta materia no interior destes insectos, a construción de favos no interior da colmea non é continua, mais cando se require ou é necesario, realízase con gran rapidez. Nos tempos da enxamía natural —cando a metade da poboación abandona a colonia xunto coa abella mestra vella— as abellas son capaces de construír panais con centos de pequenos alvéolos ou celas hexagonais

>> Abellas sobre un panal ou favo. No centro da foto, a abella mestra.



en poucas horas, dentro dunha mesma xornada. Algo semellante acaece cando o tempo das floracións acada o seu máximo apoxeo e as colonias de abellas contan ao mesmo tempo co seu punto álxido de poboación.

A cera producida polas abellas domésticas constitúe unha substancia dunha enorme versatilidade e gran resistencia, cunha composición química semellante á graxa e cuns puntos moi elevados de fusión (63°C) e de incineración (1.149°C), o que lle confire a posibilidade de ter diferentes usos por parte dos seres humanos, para a fabricación de moldes, produtos farmacéuticos e cosméticos, lubricantes, capas de protección e transdutores eléctricos e, como non, candeas e exvotos.

A ceraría en Covelo

Unha vella cantiga popular de Covelo, enumeraba os tradicionais oficios das distintas parroquias e aldeas do concello segundo a súa relevancia, na que se podía escoitar como eran “(...) meleiros os de Paraños, cereiros os da Lamosa...”⁹.

Diversos testemuños escritos históricos dan conta da actividade cereira en Covelo ao longo de varios séculos, como unha actividade rendíbel, tradicional e singular que foi capaz de subsistir xeración tras xeración. Así, a primeira referencia que topamos do oficio da ceraría en Covelo, recóllea o Catastro de Ensenada, que fala da existencia dun fabricante de cera no lugar de Baldomar (pertencente hoxe en día á parroquia de Santa Mariña de Covelo): “ay un fabricante de Zera llamado Joseph estevez (...) al cual le consideran su producto anual por este respecto Seis Cientos reales”.

Asemade, a referencia máis antiga dun lagar da cera na zona encontrámola no ano 1754 no mesmo catastro citado, que o sitúa na parroquia de Mouriscados, no concello limítrofe de Mondariz, “lagar, que sirve para estrujar la cera perteneciente a Joseph Fernandez al cual le contemplan (...) cada año por este respecto cien reales”¹⁰. Na actualidade non se acharon restos desta edificación nin se demarcou a súa posíbel localización, pero, malia todo, a súa existencia preséntase como un indicio máis que pon de relevo a importancia da que gozou este oficio ao longo da historia na comarca.

Non é até o século XIX que podemos constatar a presenza dun lagar da cera en Covelo. A partir do que se recolle no Dicionario Madoz¹¹ podemos saber que na Lamosa xa daquela era coñecido o seu lagar. O mesmo ocorre trala lectura doutro dicionario máis vello¹², ao describir a freguesía de Santiago de Covelo (aínda entón a actual parroquia da Lamosa era parte desa

freguesía) cita unha “fábrica de cera” no seu territorio. Non obstante, a existencia do lagar da cera de Paraños non aparece recollida en ningún documento, o que nos fai pensar que a súa construción foi posterior a esas datas e polo tanto, máis moderna.

Por outra banda, diferentes anuarios, enciclopedias e outras publicacións refírense ás persoas dedicadas ao oficio de cereiro no concello covelense (por exemplo, na parroquia da Lamosa, onde houbo un gran número de cereiros e, en consecuencia, unha especialización arredor deste traballo), chegando até datas recentes como sucede co Anuario General de España de 1913 (con 16 cereiros rexistrados, 1 en Paraños, 2 en Covelo e o resto na Lamosa, sendo esta última parroquia o lugar con máis cerarías en Galicia nese momento) mailo de 1957¹³ que constata aínda nese ano a actividade de 5 cereiros nas parroquias de Covelo, A Lamosa e Paraños. O devandito Dicionario Madoz salienta curiosamente o branqueo de cera nas parroquias de Prado de Canda e da Lamosa —amais da súa comercialización en bruto logo dese proceso de clareo—, como un dos oficios característicos dos habitantes do lugar sendo as únicas referencias deste Dicionario existentes en toda Galicia.

O oficio dos cereiros en Covelo foi esmorecendo pouco a pouco até chegar á súa desaparición. As derradeiras referencias de cereiros en activo témolas no ano 1961 con dúas cerarías en Paraños¹⁴.



2. Os elementos no proceso da cera

Os lagares da cera

Os lagares da cera de Covelo, son edificacións con prensas que se utilizaban para procesar a cera das abellas. Aseméllanse en moitos aspectos aos do viño, sidra ou aceite, aínda que cunhas especificidades propias derivadas da materia prima que van prensar. Na actualidade existen dous lagares de prensa de viga de cera nas parroquias da Lamosa e de Paraños, que se atopan en diferente estado de conservación, aínda que nos dous bótanse en falta algunhas partes debido á falla de uso e ao abandono ao que se viron sometidos pola desaparición do oficio do cereiro na comarca.

Denomínase lagar tanto ao edificio específico como á prensa de viga empregada na extracción da cera de abella dos favos.

En Covelo, aínda se poden observar estas edificacións independentes de planta rectangular, localizadas preto das casas e feitas de cachotes de pedra a dúas paredes. Dispoñen de tellado a dúas augas e o seu chan presenta unha parte de pedra e outra de terra. A súa localización está moi vencellada á presenza dunha levada de auga nas proximidades, moi necesaria no proceso da cera ao facilitarlle o labor ao artesán. Por este motivo, con frecuencia estes edificios dispuñan dun conduto que permitía a entrada da auga até o seu interior.

Estes lagares albergaban tódolos elementos dos que se valía o artesán durante a elaboración da cera amarela, dende os cazos de cobre utilizados no transporte da materia prima da caldeira até o taco de prensar. Tamén as caldeiras de cobre para ferver os favos coa auga, o conxunto de prensa de viga (formado por unha trabe de entre 6 e 8 metros de lonxitude e o taco de prensar), así como as pías de pedra onde se decantaba a mestura e separábase a auga da cera e o peso de pedra co seu fuso para poder exercer a presión. Contan tamén coas pías de pedra nas que se arrefriaba a cera, colocadas normalmente contra as paredes da edificación.

No conxunto do Estado e da Península apenas existen exemplos conservados de lagares de cera¹⁵, polo que os de Covelo son uns elementos etnográficos dunha enorme importancia.

A maioría dos lagares eran de titularidade privada, aínda que existen excepcións, como o lagar comunitario de Felgueiras, en Portugal¹⁶. Pero non tódolos cereiros dispuñan de lagar. No réxime de explotación máis estendido, o propietario arrendaba por unha contía monetaria a outros artesáns o lagar por lagarada, é dicir, por prensada de cera. Teceuse así unha pequena rede de cereiros arrendadores que se lucraban arrendando o lagar a cereiros que non dispuñan desta ferramenta. Os lagares de Covelo foron reducindo o seu uso até deixar de traballar a principios dos anos 60.

O lagar de Paraños

Na parroquia de Paraños, atópase o lagar mellor conservado do concello. En réxime de propiedade privada, este lagar está cedido na actualidade á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Paraños, quen levou a cabo un labor de restauración do edificio e dos elementos fundamentais do proceso de extracción da cera, coa intención de valorar este patrimonio esquecido.

Este lagar, é unha edificación rectangular cunhas dimensións de 8 metros de longo por 5 metros de largo feita en pedra, cun tellado a dúas augas, o chan está feito de pedra e terra, e recibía a auga necesaria do proceso dunha levada que discorre ao seu carón.

No seu interior atopamos unha viga de 6,80 metros, inserida nun dos seus extremos na parede da edificación, onde pode xirar e no outro extremo, atopamos unha pedra de granito cun peso de arredor de 1200 kg¹⁷. Na actualidade non se conservan os orixinais taco de prensar e fuso

>> Taco do lagar da Lamosa.



>> Lagar de Paraños.



(peza que se enroscaba na viga) e existe o oco onde se asentaba a caldeira de cobre, lugar onde se cocía a cera.

Consérvanse as tres pías de pedra onde se separaba a cera das impurezas e da auga, contando a primeira delas cun traballo de cantería único entre os lagares que se coñecen, que dá conta da importante utilización que tiña este lagar.

Tamén pódese observar a colocación das 3 pías de pedra que se utilizaban para arrefriar a cera ao carón das paredes da edificación, que contan cun volume de 0,11 m³.

O lagar da Lamosa

A Lamosa conta con outro lagar, nun lamentábel estado de conservación. De propiedade privada, aínda se poden contemplar tanto a viga de pensar e o taco de prensado como as pías de decantación e parte do oco da caldeira, en estado ruinoso. Na actualidade o edificio non dispón de tellado, o que acelera a súa deterioración.

Este lagar, é unha edificación rectangular cunhas dimensións de 6,70 metros de longo por 3,70 metros de largo feita en pedra, que ten asociado ao seu carón outra edificación que podería usarse como almacén, cun tellado que era a dúas augas. Empregaba a auga provinte do Rego de Borbelle que se abría para que a auga chegase até o lagar e ía percorrendo unha levada tardando case unha hora en chegar ao seu destino. A auga entraba no lagar pola parte traseira do mesmo.

No seu interior atopamos unha viga de 6,10 metros, suxeita nun dos seus extremos na parede da edificación, onde xira libremente, e na outra beira atopamos unha pedra de granito cun peso de arredor de 1300 kg. Cabe destacar o taco de pensar a cera, feito en pedra de 1,20 metros de largo e 0,73 metros de longo, cun oco no centro de 0,48 metros de diámetro e 0,50 metros de fondo. Este taco é o único feito en pedra que se coñece até o momento. Tamén existe o oco onde se asentaba a caldeira de cobre, lugar onde se cocía a cera, en proceso de derrubamento.

Consérvanse as tres pías de pedra onde se separaba a cera das impurezas e da auga. Estas pías teñen unhas dimensións entre as tres de máis de 2,5 metros.

As eiras da cera ou curadoiros

Cando pensamos nas eiras en Galicia, identificámolas principalmente coa malla tradicional do centeo, do trigo ou da cebada¹⁸. Non embargante, en Covelo e noutras zonas de Galicia existen eiras que estaban dedicadas principalmente ao branqueo da cera. Podemos dicir que as eiras, ou curadoiros, consisten en espazos arquitectónicos que van ao aire libre, cubertas con lousas de pedra e que adoitan formas diversas¹⁹, podendo estar nalgúns casos elevadas.


Normalmente estes curadoiros, coradoiros²⁰ ou eiras da cera, están situados nas proximidades da casa do cereiro, orientados cara ao sur e sen ningún obstáculo que produza sombra para favorecer o mellor aproveitamento da insolación.

Son estruturas rectangulares, artelladas por grandes lousas de granito de tamaños comprendidos entre 1,30 por 0,57 metros, traballadas pola cara visíbel cunha leve inclinación. Conformen un empedrado perfecto e moi ben traballado que remata en todo o seu perímetro nunha sorte de bordo feito en pedra, elevado sobre a superficie da eira, duns 30 centímetros de alto por uns 15 de ancho. Na vertente inclinada da eira, este bordo soe presentar unha serie de pequenos desaugadoiros para facilitar a escorregada da auga. Estas eiras poden chegar a ter unha superficie de 132 m².

>> Lagar da Lamosa.



>> Curadoiro de cera das Brasileiras.



En Covelo consérvanse oito exemplos de curadoiros, aínda que con toda probabilidade existiron moitos máis que foron esmorecendo pola falla de uso, estando a maior concentración de curadoiros na Lamosa. Nesta parroquia chegou haber case vinte casas con curadoiro e con pías para branquear a cera²¹.

Como no caso dos lagares de cera estas instalacións deixaron de cumprir o seu principal labor nas décadas dos anos 50 e 60 do século pasado²².

Cabe mencionar que a maioría das eiras están colocadas a rentes do chan en eidos pechados, para evitar que os animais pisen e estraguen a cera durante o branqueo. Malia todo, existe outra clase de singulares curadoiros para branquear a materia prima. Trátase das eiras elevadas, colocadas nas propiedades dos cereiros, montadas sobre grandes piares de pedra de dous ou máis metros de altura. A superficie destas eiras, menor que a das anteriores, está formada tamén por laxes, pero de maior tamaño que as empregadas para as colocadas a rentes do chan. Esta disposición en altura contribúe a que a eira aproveite mellor a insolación para o branqueo mentres o andar baixo pode empregarse para gardar trebellos do agro ou para ter animais. No concello de Covelo atopamos tres bos exemplos de eiras en diferente estado de conservación, dúas na parroquia da Lamosa e outra en Paraños. Estes curadoiros son realmente unha singularidade de Covelo, xa que no resto de Galicia apenas existen exemplos en bo estado desta clase de eiras elevadas²³. Este feito explícase pola importancia que tivo o branqueo da cera en Covelo.

Tódalas eiras contan cun réxime de propiedade privada e pertenceron a cereiros que as empregaban para a súa propia produción de cera branca.

Asociadas aos curadoiros atópanse ademais as pías de branquear a cera. Elaboradas a partir dunha peza de granito, estas pías contan cunha dimensión aproximada de máis de 2 metros de longo por 0,3 metros de profundidade e 0,4-0,5 metros de largo, cun burato no fondo como desaugadoiro. Nas parroquias de Paraños e A Lamosa aínda podemos atopar arredor de media ducia destes interesantes elementos. As pías de branqueo de Covelo dispuñan dun rolete de madeira enganchado na parte superior da pía, namentres que noutros lugares de Galicia tamén se empregaban os roletes de pedra²⁴. O cereiro empregábaas, como poderemos ver posteriormente, para elaborar as lascas que logo branquearía. Algún cereiro que non dispuña de pía de branqueo de pedra podía utilizar unha estrutura grande de madeira, semellante a unha artesa e que cumpría a mesma función que a pía de pedra.

O obradoiro do cereiro

O cereiro contaba cun espazo habilitado na súa propia casa no que se gardaban tódolos trebellos necesarios para a fabricación das candeas e exvotos, onde realizaba os seus labores produtivos.


Estes obradoiros contaban basicamente cunha roda feita en madeira, que lle servía de soporte ao cereiro para pendurar os pabíos²⁵ que logo transformaría en candeas, cunha paila ou patela para manter a cera quente, co cazo para verter o líquido e ir dando forma ao produto, coa mesa do obradoiro, cos moldes de xeso ou madeira para fabricar exvotos, cos útiles de corte e co selo, que identificaba a autoría.

Analizando máis polo miúdo cada un destes elementos, topámonos en primeiro lugar coa roda. Fabricada en madeira, a roda podía ter un diámetro de 0,9-1 metros, variaba en función do número de candeas que permitía elaborar. Na parte exterior, presenta unhas alcaiatas das que pendurar os pabíos no proceso de fabricación. A ancoraxe da roda realizouse fundamentalmente de dúas formas, ben pendurada do teito á altura desexada polo cereiro ou ben apoiada sobre un pau central, furado a diferentes alturas, no que o artesán colocaba un pasador na parte inferior da roda fixando así o lugar de traballo escollido. En ambos casos, a roda xira libremente para facilitarlle o traballo ao cereiro.

Dependendo do tamaño e da forma existen diferentes clases de roda. A máis tradicional e a que se usou xeralmente en Covelo é a roda circular,



>> Obradoiro de Rogelio Grandal e Socorro, en Paraños. Na foto podemos ollar a roda a carón da paila, o brunidor e a talladeira.



>> Eira elevada de Pepe da Mouta.

explicada anteriormente, que permitía elaborar arredor de 40-60 candeas. Non embargante existiu algún cereiro de Covelo que usou outras rodas máis complexas e modernas que permitían elaborar un maior número de candeas nun tempo máis reducido. Estas rodas eran poligonais e en cada lado do polígono contaban cunha táboa rectangular onde podían pendurar 20 pabíos ao mesmo tempo, así atopámonos con rodas poligonais que poden elaborar 240 ou 180 candeas. Contan cunhas roldanas que unen uns contrapesos, colocados no centro da roda, coas táboas das candeas que axudan ao cereiro a subir e baixar as candeas, que entran todas ao mesmo tempo no *noque*, depósito rectangular onde se mantiña quente e se colocaba a cera líquida, así o cereiro podía elaborar moitas máis candeas á vez.

Pola súa banda, a *paila* era un recipiente troncocónico de cobre, cun diámetro amplo na parte superior acabado en punta no centro cunha profundidade de entre uns 20 a 30 cm. A súa función era manter a cera quente e líquida polo que adoitaba estar apoiada nunha sorte de forno ou nunha trepia. Empregábase tamén para recoller as pingueiras da roda no proceso de elaboración das candeas. Cómpre destacar o estañado da superficie, co que se perseguía evitar que o óxido de cobre lixase a cera.

Destaca ademais o cazo de cobre co cal se vertía a cera sobre os pabíos, que tiña unha forma con pico axeitada para verter a cera líquida sobre o pabío, así como a talladeira, aquel coitelo de madeira, en forma triangular e moi afiado na punta, que servía para cortar as candeas, igualar os extremos e despexar os pabíos. Debe engadirse o brunidor, formado por un taco de madeira semicilíndrico empregado para igualar e brunir as candeas.

Topámonos tamén con outra serie de elementos imprescindíbeis como os coitelos e as tesoiras. Moitos destes elementos empregábanse sobre a mesa do obradoiro, que adoitaba ser un moble longo e ancho do que se valía o cereiro para igualar e brunir as candeas. O artesán tamén contaba no seu obradoiro cos moldes, de xeso ou madeira, necesarios para elaborar os exvotos ou as figuriñas de ofrenda aos santos.

Para singularizar e identificar os seus produtos cada cereiro dispuña dun selo propio, un tampón co que marcaban as ceras. Esta sinatura nas candeas permitía coñecer e valorar o traballo do artesán, máis tamén servía para o control fiscalizador dos organismos estatais. O oficio do cereiro precisaba dunha licenza para poder exercer a actividade e a existencia de cotas máximas de produción impedía elaborar tódalas candeas que se quixese. Deste xeito adoitábase facer unha parte co selo e outra sen selo, co risco de que houbera algunha clase de multa se esas candeas eran identificadas.

3. Os procesos

Obtención da materia prima

A cera non se pode obter sen a materia básica, isto é, os restos das colmeas tralo aproveitamento do mel ou dos propios cortizos unha vez morto o enxame. O concello de Covelo foi produtor de mel e cera dende antigo, non obstante dada a cantidade de cera que necesitaban, os cereiros de Covelo víronse obrigados a trasladárense a lugares afastados para se prover da materia prima necesaria que cubrixe a gran demanda que experimentaron os seus produtos. A mediados do século XX os cereiros de Covelo desprazábanse con esta fin até San Antón en Baiona, Morgadáns en Gondomar, Cerdeira no concello das Neves, Pazos de Borbén, Mos, Tui, Tomiño e O Rosal; percorrían tódalas parroquias de Covelo así como Gargamala en Mondariz, Gorgua en Padrenda e outros lugares nos concellos limítrofes.

Para traer os restos dos favos necesarios até as súas dependencias, os cereiros desprazábanse cargados de sacos onde introducían o resto dos favos. Unha vez cheos, trasladábanse até o lagar ou casa do cereiro ao lombo ou, máis habitualmente, cun *macho*, que podía ser unha mula, un burro ou un cabalo. É evidente que para percorrer estas distancias considerábeis que adoitaban facer a pé ou dacabalo, os cereiros víanse obrigados a pasar algúns días fóra da casa. Nestes traslados, ademais de recoller tódolos favos que necesitaban para a elaboración da cera requirida e de castrar as colmeas, nalgúns casos, os artesáns aproveitaban para vender os seus produtos noutras localidades.

>> Cortizo con cera.



Nestas viaxes, os cereiros mercaban tamén os refugallos das candeas e os exvotos das igrexas, tras chegar a un acordo cos párrocos. Eses restos fundíanse posteriormente xunto cos favos para a elaboración de novos produtos. Algúns lagares doutros concellos do Estado aínda conservan as marcas que dan conta desta reciclaxe, xa que no proceso de prensado da cera as chapas metálicas que contiñan os restos das candeas das igrexas cravábanse no taco de prensar.

A adaptabilidade dos cereiros de Covelo facía que tivesen moitos coñecementos sobre outros oficios, deste xeito, algúns dos cereiros aproveitaban as viaxes que realizaban coa finalidade de se abastecer de materia prima, para realizaren outros oficios como os de castrar as colmeas e mesmo moitos exercían o oficio de capador. Esta cantidade de posibilidades permitíalles exercer moitas actividades a un tempo conseguindo pagamentos en especies como os favos que tanto precisaban para o seu labor principal.

Obtención de cera no lagar: a cera amarela

Comezaremos por explicar o proceso de obtención da cera amarela, que se empregaba ben para vendela directamente, ben para un posterior branqueo e elaboración de candeas ou exvotos. Neste proceso o lagar convértese na peza clave.

Unha vez limpo o lagar das posíbeis impurezas que poderían estragar a cera, o cereiro introducía na caldeira a auga²⁶, subministrada ao lagar dende levadas próximas, e os restos dos favos nunha proporción que os informantes non lembran. Cocíase a cachón durante un tempo que, segundo a bibliografía consultada²⁷, adoitaba ser de 30 minutos, pero que se podía prolongar até que o ollo experto do cereiro o ditaminase.

Para o proceso de fervido empregábase madeira de boas características (normalmente toxo, como explican os informantes, ou, noutras zonas, toros de carballo). A intención do cereiro era ferver a mestura e manter a temperatura, sen elevala demasiado para non estragar a cera.

O ollo experto do cereiro calculaba o punto de cocción para a cera. Tiña que estar ben cocida, porque se non estivese ben feita a fervedura da mestura, ao metela na pía callaría, pero cando se fose retirar xa non sairía: queda como se fose sebo e xa non vale para traballar. Se está ben cocida non queda como o sebo, ten un punto de dureza que permite rachala con cuñas xa que estala e favorece o posterior traballo cos bloques de cera.

Cando a mestura estaba pronta, vertíase no taco de prensar, de madeira ou pedra, cuberto previamente tanto nas paredes como no fondo cunha capa de esparto a xeito de filtro. O cereiro botaba varios cazos da mestura no taco e cubríaa cun seirón circular de esparto de diámetro igual á base do taco. Para introducir alí a mestura e remexer os favos fervidos, o cereiro empregaba un cazo de cobre cun pau máis ou menos longo. A operación repetíase até encher o taco, e unha vez acadada a cantidade necesaria para prensar, pechábase coa tapa ou chapuzo de madeira. Para salvar a distancia que puidese quedar entre a tapa e a trabe, colocábanse finalmente varios paus enriba da tapa.

A continuación procedíase a baixar a trabe. O cereiro, que normalmente estaba axudado por unha ou dúas persoas, facía xirar o fuso coa panca instalada na súa base, exercendo así a presión necesaria sobre a tapa para que fluísen cera e auga sobre as pías. Superado o limiar natural de baixada da trabe, a insistencia no xiro do fuso obrigaba ao alzamento da pedra sobre a que se instalaba o fuso. Se a pedra neste tempo descendía polo peso e volvía tocar o chan, podía repetirse a acción xirando novamente o fuso.

Ao exercer presión, o caldo escorregaba até tres pías de pedra, onde a primeira estaba colocada parcialmente debaixo do taco de prensar. Facíase pasar o caldo obtido dende a primeira sección da pía até a última a través dunha rede de buracos colocados estratexicamente a diferente altura, coa fin de separar as substancias en función da súa densidade. Deste xeito, a primeira división deixaría escapar a auga da mestura, de maior densidade, retendo así a cera e a borrala.

Despois de ter rematado este proceso, o cereiro procedía á recollida da cera depositada na primeira pía. Para iso valíase dun cazo máis

>> A mestura de auga e cera é introducida no taco.



>> Vírase o fuso para baixar a trabe até que a presión do chapuzo no taco fai saír a cera ás pías.



pequeno e cun mango de menor dimensión que o empregado na fase de prensado e, con moito coidado para non arrastrar auga e impurezas, trasladaba a cera a outras pías específicas onde arrefriaba arredor de 12 horas. Para facilitar a recollida da cera unha vez solidificada, adoitábanse humedecer as pías e botar un pouco de auga no fondo, para que a cera non se pegase á pía. Tamén podía introducirse nos bloques de cera aínda líquida, unha serie de cordas das que despois valíase o cereiro para a retirada dos bloques e o seu traslado. Estes bloques de cera amarela podían ter uns 40-50 kg de peso aproximadamente.

Unha vez recollida a cera procedíase ao desarme da trabe. Para isto, enganchábase a tapa ou chapuzo de prensado á trabe cun sistema de cordas ou ferros, de tal xeito que ao desenroscar o fuso que elevaba a trabe ascendía a tapa de prensado.

Xa desarmado, recollíanse os seiróns de esparto utilizados e sacudíanse para limpalos das impurezas que permanecen tras do prensado. Así quedaban xa preparados para o seguinte prensado. A materia que quedaba despois deste proceso tiña un valor como fertilizante na agricultura, que era utilizado polo propio cereiro nas súas leiras²⁹. Outra posibilidade era a de queimar estes refugallo para aproveitar a súa capacidade calorífica.

Para o traballo no lagar facían falla entre dúas e tres persoas dependendo das cantidades e da experiencia dos traballadores. O tempo necesario para cada *pilada* oscilaba entre dúas e tres horas, polo que no día podían facerse entre 5 e 6 *piladas*, xa que se adoitaba traballar no lagar cando habían moitos favos para ferver. Deste xeito aproveitábase para aforrar en auga e en leña ao facer de xeito consecutivo as lagaradas.

O proceso de branqueo da cera

O branqueo da cera tivo tradicionalmente moita importancia nalgunhas parroquias de Covelo como Prado da Canda, A Lamosa ou Paraños onde os cereiros especializáronse no branqueo da cera²⁹.

O proceso de branqueo é sinxelo e está feito de maneira natural. O primeiro que se precisaba era cera amarela. Cando o cereiro dispuña da cantidade suficiente desta cera, preparaba os utensilios e o curadoiro. Todo debía estar ben limpo, xa que con este exercicio o artesán buscaba acadar a cera máis branca posíbel e tentaba evitar as posíbeis impurezas que entorpecesen o proceso.

Posteriormente, o cereiro prendía lume dentro dunha estrutura habilitada ao carón da pía coa fin de colocar sobre ela a *paila* na que derreter a cera amarela que pretendía branquear. Esta *paila* normalmente era a mesma que se utilizaba no obradoiro do cereiro, aínda que algúns cereiros dispuñan dunha *paila* de maior tamaño específica para as tarefas de branqueo da cera. Ao mesmo tempo, colocaba sobre unha pía grande de pedra, chea de auga, que dispuña dun rolete de madeira medio mergullado, unha estrutura de madeira ou de lata perforada que fai de coador mediante unha serie de buratos finos polos que o artesán facía caer a cera previamente derretida. Outra opción consistía en botar a cera derretida enriba do rolete directamente para conseguir as lascas de cera.

Cando a cera estaba derretida, un axudante comezaba a virar o rolete con intensidade, mentres o cereiro collía a cera cun cazo e botábaa na estrutura de madeira enriba do rolete. Comezaban a caer unha serie de fíos de cera sobre o rolete, que solidificaban durante o xiro co contacto coa auga fría. Formábanse así unha sorte de lascas endurecidas que saían desprazadas cara a outra parte da pía. Alí, outra persoa encargábase de recollelos e colocalos en cestas. Para aumentar ou diminuír a cantidade de fíos que se obtiñan en cada vertedura, o cereiro procedía a tapar ou descubrir máis buratos e facilitar o labor.

Cando a cesta estaba chea trasladábase ao curadoiro ou eira, onde se estendía. O proceso repetíase tantas veces fosen necesarias até acabar a cera amarela que tiñan para fundir. Nalgunhas ocasións acontecía que, nun determinado intre, a cera non se conseguía endurecer completamente debido ao calor excesivo da auga da pía. Para solucionar estes problemas os cereiros podían, ben cambiar a auga quente por outra fría, ou ben artellar un sistema de conducción



>> Pía de branqueo.



>> Funcionamento da pía de branqueo.

para que a pía contase cun caudal de auga corrente durante todo o proceso de endurecido.

Como noutros procesos da cera, a auga era un elemento importante neste proceso de branqueo, polo que normalmente existía unha levada preto do curadoiro ou un pozo do que poder coller auga para encher a pía de branqueo.

A cera feita lascas púñase na eira durante uns 8 días e, despois de 3 ou 4, procedíase a darlles a volta a man ou cun angazo pola mañá cedo, aproveitando que a cera estaba máis dura.

Con este proceso conséguese que o efecto fotoquímico da radiación solar tornase a cera de amarela a branca, chamada popularmente como “cera esperma”. A cera permanecía na eira independentemente de que se sucedesen fenómenos meteorolóxicos adversos, como tormentas ou choivas. O que sucedía nestes supostos é que se prolongaba o tempo de exposición e de permanencia da cera na eira. Se se levaba a cabo este proceso en días de moita calor, o cereiro debía regar a cera para que non se pegase á superficie da eira.

As persoas que traballaban a cera e que non tiñan curadoiro podían realizar o proceso de clareo da cera botando as lascas en sabas brancas, e alí quedaba a cera *a soallar*, como se estivese nunha eira.

Unha vez que o cereiro consideraba que o branqueo da cera culminara, procedía, noutro día de traballo, a derretela na *paila* e formar así bloques de cera branca que, unha vez secos 12 horas despois, podía vender directamente ou trasladar ao seu obradoiro para fabricar candeas ou exvotos.

Elaboración das candeas e exvotos

A elaboración das candeas e exvotos realizábase no obradoiro do cereiro. Unha vez que o artesán tiña preparado e colocado todo material necesario para a elaboración de candeas, procedía á elección e preparación dos pabíos, unha escolma que ía en función da candeas a fabricar. Para este proceso o cereiro aproveitaba os tempos libres, por exemplo as horas nocturnas, onde se cortaban á medida necesaria e realizábaselles un lazo para poder penduralos despois na roda. Os pabíos máis recentes eran de algodón, namentres que os tradicionais que se usaron nunha gran parte do século pasado estaban feitos de liño.

O paso a seguir é a preparación do caldo. Antigamente, o cereiro realizaba este caldo soamente de cera de abella, pero nos últimos tempos elaborábase a mestura derretendo cera de abella e parafina (un derivado do petróleo que se obtén por destilación fraccionada) na proporción desexada, sen deixar chegar a ferver o caldo, mantendo a temperatura adecuada co lume prendido baixo a *paila*.


A cera de abella non se deixou de usar debido á imposición da Igrexa, de que as candeas para o culto, a partir de 1904 tiñan que ter segundo o tipo de candeas, a parte máxima dun 60% de cera, a maior parte un 50% e a notábel un 30%³⁰ dependendo do tipo de candeas.

O emprego da parafina estaba regulado e dende a administración establecíanse cotas máximas a utilizar por ceraría. Porén, estas cantidades normalmente non resultaban dabondo, polo que existía un mercado de estraperlo de parafina que viña de Portugal transportada en cabalos ou burros.

Cando o cereiro xa tiña o caldo preparado e os pabíos colgados, comezaba o traballo atento do cereiro. Cunha man collía o cazo e o enchía coa mestura quente da *paila*. Coa outra man asía o pabío na parte máis próxima á roda e, a o mesmo tempo que facía xirar o pabío, vertía por el a cera líquida que escorregaba até o final do cabo. Cando o primeiro pabío estaba feito xiraba a roda e pasaba ao segundo pabío repetindo a acción, así até completala.

Unha vez que as candeas acadaban a metade do grosor desexado, o cereiro procedía a descolgalas, a cortar a parte baixa das mesmas coa talladeira, a facer novamente o lazo e a volver colgalas. Isto era así porque o grosor que se conseguía con este proceso non era uniforme

>> Rogelio Grandal elaborando candeas coa roda tradicional.



senón troncocónico, é dicir, máis grosa na parte baixa e máis fina na superior. Con este procedemento, o cereiro corría a desviación e acadaba o tamaño e forma desexados.

Unha vez conseguidas descolgábanse e colocábanse na mesa do obradoiro. Como estas candeas presentaban irregularidades, o cereiro facíaas rodar pola mesa co brunidor para facelas uniformes e para que collesen o seu aspecto típico, cortábaas coa talladeira segundo o tamaño desexado e preparaba os comezos das candeas.

As candeas normalmente contabilizábanse polo peso. Deste xeito, había candeas de 4 en kg, de 6 en kg, de 8 en kg, de 10 en kg, de 16 e de 20 en kg que eran as máis pequenas. Existían moitos tamaños dependendo da utilidade que se lles quixese dar. As máis grandes eran os fachóns ou *facheiras* que podían acadar 10 kg de peso.

Como remate, o cereiro asinaba as candeas, cando aínda estaban quentes, cun tampón deseñado para tal efecto e empacotábaas deixándoas listas para a súa comercialización.

Ademais de candeas, o cereiro podía producir exvotos³¹ que os fieis ofrecían aos santos. Para iso valíase duns moldes de xeso ou madeira³² que constituían o negativo dunha figura, que podían representar partes do corpo humano como os ollos, pernas, caluga, brazo, etc, seres humanos enteiros ou incluso animais.

Mentres derretía a cera, o cereiro collía as dúas partes do molde e preparábaas para realizar a figuriña, humedecéndoas un pouco. A continuación xuntaba as dúas partes e enchía o molde completamente de cera. Deixaba transcorrer o tempo necesario para que arrefriase e solidificase a cera.

Ao desmoldear a peza recortaba aquelas partes que presentaran algún defecto ou algún reborde tras a unión das dúas partes do molde, e xa tiña preparado o exvoto de cera maciza para poder comercializalo.

Noutras zonas de Galicia, deixaban transcorrer un certo tempo para que arrefriase e solidificase a cera, formando só unha capa na superficie do molde. O resto, aínda líquido, baleirábano outra vez sobre a *paila*, con isto conseguían aforrar certa cantidade de cera.

Unha vez realizado este procedemento o cereiro xa tiña a peza para poder comercializala.

Produtos e comercialización

A comercialización estaba moi ligada aos distintos produtos obtidos nos procesos da cera. Como temos comprobado neste texto, dende o prensado dos favos até a manufactura final podemos obter diferentes produtos: o primeiro deles serían os bloques de cera amarela, a través do branqueo, os cereiros conseguían bloques de cera branca; e finalmente, no obradoiro do cereiro, obtíñanse distintas candeas e exvotos que podían ser de cor branca ou amarela.


Os bloques de cera amarelos tiveron moita importancia na economía dos cereiros de Covelo. Esta clase de cera era moi valorada para facer cremas de limpeza e tamén na industria relacionada co calzado. Dende Covelo saíron moitos bloques de cera amarela para facer cremas en Vigo, mais tamén para a industria do calzado até lugares tan afastados como poden ser Mallorca ou Barcelona³³. Algúns dos cereiros de Covelo especializáronse na obtención destes grandes bloques de cera amarela e apenas elaboraban outros produtos.

Os bloques de cera branca acadaban maior prezo ca os de cera amarela por seren máis valorados, amais de polo traballo engadido para o branqueo da cera. En ocasións, se había moita demanda de cera branca, podíanse vender directamente os bloques desta cera sen manufacturar. Por exemplo, tanto a Vigo como sobre todo a Santiago de Compostela ían cantidades importantes de cera branca transportadas por ferrocarril normalmente en datas preto de grandes celebracións relixiosas.

>> Venda de candeas e exvotos.



>> Exvotos.



O produto estrela dos cereiros eran as candeas que xunto aos exvotos tiñan mecanismos similares de comercialización. Dependendo dos usos e do ámbito, a comercialización seguía canles diferentes. A venda directa nos obradoiros era unha possibilidade, pero fundamentalmente vendíanse nas tendas preto das igrexas, así como nas tendas das vilas e das aldeas. Nas grandes romarías como a da Franqueira ou a do Libramento, algúns cereiros colocaban postos de venda.

Outra opción para subministrar os produtos dos cereiros era a asistencia ás feiras tradicionais que existían pola Comarca, así como aproveitar as viaxes que facían para obter a materia prima para ir vendendo os seus produtos.

Cómpre ter en conta que durante moito tempo as candeas que se empregaban para alumear eran de sebo ou de graxa³⁴, xa que as de cera acadaban prezos moi elevados. Co emprego masivo da parafina estendeuse a utilización destas candeas que estaban feitas da mestura entre a parafina e a cera de abella.

Táboa 2. Cerarías existentes en Covelo no ano 1913

Dono da Ceraría	Localización		
Costa (Benito)	Paraños	Lamela (Santiago)	Lamosa
Estevez (José)	Covelo	Mariño (Bernardo)	Lamosa
Otero (Emilio)	Covelo	Mariño (Mateo)	Lamosa
Costa (Jose Benito de)	Lamosa	Mariño y Carrera (Antonio)	Lamosa
Fuente (Álvaro de la)	Lamosa	Mosquera (Benito)	Lamosa
González Prieto (Manuel)	Lamosa	Otero (Ventura)	Lamosa
Lamosa (Domingo)	Lamosa	Prieto Carballeda (Juán)	Lamosa
Lamela (Juán Antonio)	Lamosa	Rodríguez (Santiago)	Lamosa

Fonte: Anuario general de España. Anuarios Bailly-Bailliere y Riera reunidos. Barcelona. Tomo I. 1913.

Notas e referencias

1. Ledo González, Benigno. *Curso práctico de apicultura*. Edición do Castro. Sada, A Coruña. 1982.
2. *Catastro de Ensenada, respuestas generales*. 1751/54. <http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ServletController>
3. 19. “Si hay colmenas en el Termino, quantas, y à quien pertenecen.”
4. Segundo o Dicionario da Real Academia Galega: Cada un dos compartimentos de cera ou o conxunto deles, onde as abellas depositan o pole, fan o mel e crían as larvas. As abellas selan os favos con opérculos de cera.
5. Redondo, Don Ignacio. *Apicultura ó tratado de las abejas y sus labores*. Quirós. Madrid, 1.876. Páx. 65.
6. “Artículo 612. El propietario de un enjambre de abejas tendrá derecho a perseguirlo sobre el fundo ajeno, indemnizando al poseedor de éste el daño causado. Si estuviere cercado, necesitará el consentimiento del dueño para penetrar en él. Cuando el propietario no haya perseguido, o cese de perseguir el enjambre dos días consecutivos, podrá el poseedor de la finca ocuparlo o retenerlo (...)”.
7. Bazin, Gilles Augustin. *l’Histoire Naturelle des Abeilles*. París. 1744.
8. Frisch, Karl Von. *La vida de las de las abejas*. Colección Labor. Barcelona. 1957.
9. Comunicación oral, Gloria Cruces, A Ermida, Covelo
10. *Catastro de Ensenada, respuestas generales*. 1751/54. <http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ServletController>
11. Madoz, Pascual. *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Tomo X. 1850. Consultábel na biblioteca virtual Miguel de Cervantes: <http://213.0.4.19/FichaAutor.html?Ref=15058>.
12. *Diccionario Geográfico Estadístico de España y Portugal*. Tomo III. Madrid. 1826.
13. Anuario general de España. Anuarios Bailly-Bailliere y Riera reunidos. Barcelona. Tomo I. 1913.
14. Arquivo histórico municipal de Covelo.
15. Orantes Bermejo, Fco José. *Geografía de la cera en España en Vida Apícola* . Maio-xuño 2009. Páx. 22.

16. Santos Junior J. R. dos. *Lagar comunitario da cera, Felgueiras, Moncorvo*. Trabalhos de Antropologia e Etnologia da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia Porto. 1983.

17. Considerando unha densidade de 2630 Kg/m³

18. Bas, Begoña. *As construcións populares. Un tema de etnografía en Galicia*. Sada. Ed. do Castro. 1983. Páxs. 108 e ss.

19. Caamaño Suárez, Manuel. *As Construcións da arquitectura popular : patrimonio etnográfico de Galicia*. Santiago de Compostela. Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos. 2003. Páxs. 329 e ss.

20. Noutros puntos de Galicia, o termo máis utilizado é o de eiras da cera, non embargante, semella que en Covelo emprégase máis o de Curadoiros, aínda que tamén existe a variante coradoiros (González Conde, Domingo. *Mi Lamosa añorada*. 1993. Páx. 21).

21. Sampedro Fernández, Andrés. *A ceraría no Condado- A Paradanta* en Soberosum. Ponteareas. Museo Municipal de Ponteareas. Páx. 174.

22. Os curadoiros tamén existiron no resto do Estado, aínda que na actualidade apenas existen exemplos ben conservados destes elementos. Interesantes son os existentes en Cional (Zamora). Orantes Bermejo, Fco José. *Geografía de la cera en España en Vida Apícola*. Maio-xuño 2009. Páx. 23.

23. Por exemplo no concello de Sober tamén había unha eira elevada que se atopa destruída na actualidade. Copena Diego e Copena Damián. *Unha aproximación á cerería tradicional no concello de Sober*. Web do Colado do Vento. 2010. Ver: <http://coladodovento.blogspot.com/2011/03/unha-aproximacion-cereria-tradicional.html>

24. Como no caso da pía de branqueo asociada á cerería de Casanova no Concello de Forcarei.

25. Pabío é a mecha que se utiliza nas candeas.

26. Como se pode apreciar no artigo, a presenza da auga nos procesos de obtención da cera é unha constante, polo que podemos afirmar que ten unha importancia fundamental na elaboración dos bloques de cera.

27. Entre outros traballos, podemos destacar os seguintes: Castellote Herrero, Eulalia. *Cera y cerería en Guadalajara*. Revista de dialectología y tradiciones populares.1988; e Santos Junior J. R. dos. *Lagar comunitario da cera, Felgueiras, Moncorvo*. Trabalhos de Antropologia e Etnologia da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia Porto. 1983.

28. Os restos das actividades apícolas poden ser usados nas actividades hortícolas (M.A. Gómez, R. Pérez y M.R. Morales. *Utilización de residuos apícolas (carozos) en producciones hortícolas* en XI Congreso SECH. Albacete 2007. Actas de Horticultura nº 48. Sociedad Española de Ciencias Hortícolas.)

29. Significativas son as referencias que podemos atopar sobre a importancia do branqueo da cera na Lamosa e en Prado da Canda a mediados do século XIX (Madoz, Pascual. *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. 1845-1850). Consultábel na biblioteca virtual Miguel

de Cervantes: <http://213.0.4.19/FichaAutor.html?Ref=15058>.

30. López Álvarez, Xuaco. *Las abejas, la miel y la cera en la sociedad tradicional asturiana*. Oviedo. Real instituto de estudios asturianos. 1994.

31. Xose Fuentes Alende. Exvotos de cera: Tecnoloxía e funcionalidade. Pontevedra. Tecnología tradicional: Dimensión patrimonial e valores antropolóxicos.1994. Páxs. 227-260.

32. No Museo Liste de Vigo existen bos exemplos de moldes de madeira para realizar exvotos.

33. No seguinte enlace pódese ver un vídeo ilustrativo de como se elaboraba o cerote , elemento moi empregado na industria tradicional do calzado http://www.youtube.com/watch?v=YbiZbudky4Q&feature=player_embedded

34. No ano 1797 aínda existían en Galicia 6 mestres de candeas de sebo (Labrada Lucas. *Descripción económica Del Reino de Galicia*. Vigo. Galaxia. 1971. Páx. 271. Edición orixinal do ano 1804).

Edita: CMVMC de Paraños



Coordina: Abella Lupa SAT



Redacción: Alexandre Cendón González, Damián Copena Rodríguez e Diego Copena Rodríguez.

Fotografías: Alexandre Cendón González, Damián Copena Rodríguez, Diego Copena Rodríguez e Martiño Nercellas Méndez. Excepto portada, contraportada e páxinas 19 (superior) e 27 de Xosé Manuel Sendín.

Maquetación, ilustracións e deseño: Bunker Graphics.

Depósito legal: VG 850-2011

ISBN: 978-84-615-4285-7

www.montesparanhos.com

www.abellalupa.org

Os autores queremos agradecer a colaboración a tódalas persoas que nos axudaron na elaboración desta guía, especialmente a de Aladino Costa, Delia Estévez, Argimiro Mariño e Pepe da Mouta. Queremos salientar a colaboración de Modesto Grandal, quen cedeu varias pezas orixinais ao Centro de Interpretación da Ceraría de Paraños.

Impreso en papel reciclado.





comunidad
de montes
de parí

